

DOG Nº 9 , 15 de xaneiro de 2010

Resolución do 11 de xaneiro de 2010, da Secretaría Xeral da Emigración, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan as axudas e subvencións correspondentes a diversos programas de actuación en favor das comunidades galegas no exterior para o exercicio 2010

ORGANISMO

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

BENEFICIARIOS

As entidades galegas que teñan recoñecida a galeguidade de conformidade coa Lei 4/1983, do 15 de xuño, de recoñecemento da galeguidade ou a súa condición de centro colaborador mediante resolución aprobatoria ditada pola Secretaría Xeral da Emigración, ao abeiro da disposición adicional única do Decreto 195/1991, do 30 de maio, polo que se modifica o Regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, así como as institucións e asociación sen fins de lucro radicadas no estranxeiro, legalmente constituídas... (Ver orde no Dog)

ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES

Programa 1.-Axudas a entidades galegas no exterior para a prestación de servizos socioasistenciais en favor das persoas de orixe galega residentes no exterior e os seus descendentes.

Programa 2.-Axudas para promover a realización de proxectos culturais, formativos e actividades asociativas propias das entidades galegas no exterior.

Programa 3.-Axudas para a edición de publicacións e outras accións informativas das entidades galegas no exterior.

Programa 4.-Axudas para o financiamento dos gastos de funcionamento das entidades galegas no exterior.

CONTÍA

CRÉDITO TOTAL RESERVADO PARA ESTAS AXUDAS: 877.850 euros, podendo incrementarse a devandita contía.

PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes será de corenta e cinco días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia.